

DÍA DAS LETRAS

## Editán doce inéditos de Uxío Novoneyra

27.11.2010 No libro "Gran lugo de nebra"

Onte presentouse na Galería Sargadelos de Lugo a obra *Gran Lugo de nebra*, de Uxío Novoneyra, publicada pola editorial Alvarellos. No acto interviron a viúva do poeta, Elba Rei; o alcalde de Lugo, Xosé C. López Orozco; o vicepresidente da Deputación Provincial, Xosé Antón Bao Abelleira; a profesora María Pilar García Negro, o pintor Xesús Blas Lourés e o editor Henrique Alvarellos Casas.

O libro contén 51 escritos de Uxío Novoneyra elaborados entre os anos 1955 e 1999, todos eles vencellados dalgún xeito á cidade de Lugo, á que el estivo estreitamente vencellado desde a súa primeira adolescencia como estudante de bacharelato.

Neste sentido, *Gran Lugo de nebra* reúne por primeira vez a obra dispersa do último escritor homenaxeado co Día das Letras Galegas sobre Lugo. Doce dos textos incluídos no volume son inéditos, catro poemas e oito escritos en prosa. "Ás veces canta o Norde unha pasión de lonxes i as murallas pechando un gran Lugo de nebra pechando abertas (...)",. Así ábrese o libro, precisamente cun texto inédito.